

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO, dependente da Concellería de Igualdade, é un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

Servizos: consulta en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental, actividades de extensión cultural...

Horario: luns de 10:00 a 14:00 horas e de martes a venres de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE
E XUVENTUDE

ALCALDÍA



" CAFÉS LITERARIOS "

*Club de lectura do Centro de Documentación
e Recursos Feministas (CDRF)*

Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo

Biblioteca Pública Central
R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar
36202 Vigo
986 22 90 74

centro.documentacion.feminista@vigo.org



Concellería de Igualdade

Praza do Rei, 1 planta 1ª
36202 – Vigo
Teléfono 986 810 284
Fax 986 430 082
ofi.muller@vigo.org



www.igualdadevigo.org

Programa

setembro-novembro 2011

Estas actividades enmárcanse nas actuacións do IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Vigo (2009-2012)

O Club de lectura do CDRF está formado por un grupo de persoas que se reúnen, animadas polo seu gusto pola lectura, para charlar sobre os libros a redor dun café. De aí o nome de ...

"Cafés literarios"

Quen pode asistir ás sesións do Club de lectura do CDRF ?

- As persoas que forman parte do **grupo estable e permanente**, inscritas previamente no Club e no CDRF.

As persoas que forman parte deste grupo (máximo 20) reciben en préstamo os libros incluídos na programación . A falta de asistencia a 2 sesións continuadas no trimestre supón a baixa no grupo permanente, pudiendo asistir ás sesións como grupo eventual.

- As persoas que sen estar inscritas no Club desexan asistir ás sesións do Club de xeito esporádico, formando un **grupo eventual e variable**.

Este grupo ten reservadas un máximo de 10 prazas nas sesións do Club.

Con que periodicidade se reúne o Club ?

- As sesións realízanse os últimos mércores de cada mes.
- Horario: de **18: 00 a 20: 00 horas**.
- O programa componse dun **libro / lectura cada mes** . (de xaneiro a xuño e de setembro a novembro)

Como se desenvolven as sesións dos "cafés literarios" ?

- O Club de lectura do CDRF conta con relatoras diferentes para cada mes, mulleres escollidas dos distintos ámbitos sociais e culturais da cidade (mestras, profesoras universitarias, políticas, escritoras, sindicalistas, xornalistas...)
- As relatoras comentan os libros eleixidos por elas mesmas (baixo o criterio de que as obras sexan de autoría feminina ou que teñan ás mulleres como tema principal) e a partir da presentación ábrese o faladoiro literario entre as e os participantes.
- As persoas participantes no Club asisten ás sesións do Cafés co libro lido.
- O club de lectura do CDRF conta coa colaboración da asociación "Implicadas No Desenvolvemento" para a selección dalgunhas obras e relatoras.

Se tes interese en participar neste Club, inscríbete acudindo persoalmente ao CDRF ou a través do Tlf: 986 229 074

PROGRAMA setembro-novembro 2011 18:00 a 20:00 horas		
5 de outubro	Inauguración e Presentación	
DATA	RELATORA	LIBRO
26 outubro	Chus Lago Rey, Concelleira de Igualdade	<i>Viajeras intrépidas y aventureras /</i> Cristina Morató
30 novembro	Susana Cruces, Profesora da Univ. de Vigo	<i>La Biblia envenenada /</i> Barbara Kingsolver

